

CALENDARIO ACADÉMICO CURSO 2010-2011 ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

Aprobado polo Consello de Goberno do 28 de abril de 2010

1. PERÍODO LECTIVO

O período lectivo do curso académico comprenderá desde o 1 de setembro de 2010 ao 29 de xullo de 2011, organizado en dous subperíodos académicos. Non será lectivo o mes de agosto, nin os días festivos, nin os días en que estea interrompida a actividade académica.

2. ACTIVIDADES ACADÉMICAS

As actividades académicas establécense da seguinte forma:

Primeiro cuadrimestre: desde o 13 de setembro de 2010 ao 27 de xaneiro de 2011

Segundo cuadrimestre: desde o 31 de xaneiro de 2011 ao 7 de xuño de 2011

3. AVALIACIÓN

Para a súa avaliación os/as estudantes en cada curso académico terán dereito a dúas oportunidades e o calendario quedará organizado en tres períodos:

	Datas de avaliación	Data límite de sinatura e entrega de actas
Materias do primeiro cuadrimestre	do 12 ao 27 de xaneiro de 2011	11 de febreiro de 2011 18 de febreiro de 2011 para as actas do Traballo Fin de Grao e do Traballo Fin de Mestrado
Materias do segundo cuadrimestre e anuais	Do 23 de maio ao 7 de xuño de 2011	24 de xuño de 2011 30 de xuño de 2011 para as actas do Traballo Fin de Grao e do Traballo Fin de Mestrado
Oportunidade de xullo	Do 1 ao 14 xullo de 2011	22 de xullo de 2011 29 de xullo de 2011 para as actas do Traballo Fin de Grao e do Traballo Fin de Mestrado

O alumnado que superase, cando menos, un total de 180 créditos, incluídos todos os da primeira metade e llo permita o seu plan de estudos, poderá realizar a matrícula do traballo de fin de grao no período ordinario de matrícula e poderá optar por defender o devandito traballo de fin de grao na convocatoria correspondente ao período do primeiro cuadrimestre ou, de ser o caso, na oportunidade de xullo, ou ben na convocatoria correspondente ao segundo cuadrimestre e, de ser o caso, tamén na oportunidade de xullo.

Así mesmo, no caso de que o plano de estudos conte con prácticas (obrigatorias ou optativas) o alumnado realizará a matrícula das prácticas no período ordinario de matrícula e poderá optar por realizalas e que sexan cualificadas no primeiro cuadrimestre ou que se realicen e avalíen no segundo cuadrimestre; o/a alumna deberá contar co visto e prace do centro que lle indicará a dispoñibilidade para realizalas nun ou noutro cuadrimestre e sempre de acordo co disposto na memoria verificada do título.

As actividades académicas docentes e os exames de todos os plans interromperanse desde o 23 de decembro de 2010 ata o día 8 de xaneiro de 2011 (ambos os dous incluídos); os días 7 e 8 de marzo de 2011; e desde o día 18 ata o 23 de abril de 2011 (ambos os dous incluídos). A festividade de San Tomé celebrarase o 28 de xaneiro de 2011, que será festivo na UDC. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o da festividade de cada un deles.

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividade dos centros coincidan en martes ou en xoves celebraranse o luns ou o venres máis próximo; e se cadrasen en mércores trasladaranse ao venres. As que cadren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día lectivo anterior ou seguinte.